

# GOLDEN EXITS

Alex Ross Perry, 2017

# 531

PASE ÚNICO EN NUMAX: 27.05.2019 | V.O.S.E.

*Golden Exits* (2017, 94')

**Dirección:** Alex Ross Perry

**Guión:** Alex Ross Perry

**Elenco:** Emily Browning, Analeigh Tipton, Mary-Louise Parker, Chloë Sevigny, Jason Schwartzman, Lily Rabe, Adam Horovitz, Craig Butta

**Son:** Sebastian Henshaw, Jim Morgan, Ryan M. Price, David Lion Thompson

**Montaxe:** Robert Greene

**Fotografía:** Sean Price Williams

**Dirección de arte:** Stephen Phelps

**Vestuario:** Amanda Ford

**Música:** Keegan DeWitt

**Produtoras:** Bow and Arrow Entertainment, Faliero House Productions, Forager Films (EEUU)

**Formato de proxección:** DCP2K, 1.85:1

**Idioma orixinal:** Inglés

## PREMIOS E FESTIVAIS

Sundance 2017 (Sección Oficial)

## SINOPSE

Kevin e Alyssa son un matrimonio estancado, el é arquivador e ela, psicóloga. Buddy e Jess traballan xuntos nun estudio de música. Gwen, a irmá de Alyssa, ten de axudante a Sam, irmá de Jess. Un bo día Naomi, unha estudante australiana e amizade temperá de Buddy, empeza a traballar como axudante de Kevin.

## AMERICANA X NUMAX

EN COLABORACIÓN CO AMERICANA.  
FESTIVAL DE CINEMA INDEPENDENTE  
NORTEAMERICANO DE BARCELONA

«Un retrato cativador  
da miseria privilexiada.»

Jordan Hoffman, VAINTY FAIR

## OS OLLOS VERDES 18/19

O CINEMA INÉDITO  
DE NUMAX



## “Inspireime no estado de ánimo e os sentimentos dos filmes de Eric Rohmer”

Entrevista con Alex Ross Perry

Por Soheil Rezayazdi

**Lin en Vanity Fair que a meirande influencia do teu anterior filme, Queen of Earth, foi un escuro filme de Robert Altman titulado Imágenes (1972). Pódenos dar algunha pista sobre as máis notábeis influencias de Golden Exits?** Os únicos elementos que collemos prestados inspíranse nos filmes de Eric Rohmer. E non no plano estilístico necesariamente. Non se pode copiar a Rohmer a non ser que o fagas de xeito literal, gravando coa proporción de imaxe 1.66 e o pesimismo das súas historias. É inimitábel, especialmente para un filme gravado en inglés. Pero si que lembrei o estado de ánimo e os sentimentos que me reportaron algúns dos seus últimos filmes, especialmente o ciclo das catro estacións e máis en concreto *Cuento de primavera* (1990). Filmes como *El amigo de mi amiga* (1987) ou *Tres romances en París* (1995) atópanse entre os que máis vin nunca. Tamén vin moito cinema francés dos 60 e 70, filmes calmos, tristes, doces, sobre xente que se atopa nun intre determinado e comezan a falar entre si sen unha razón aparente. Tamén teño o costume recorrente de xuntarme co meu director de fotografía, Sean Price Williams, ver algún filme de Woody Allen por enésima vez. Desta volta tocaron *Septiembre* (1987) e *Otra mujer* (1988).

**Os teus filmes, e os personaxes incluídos neles, teñen sido descritos como ásperos. Paréceche xusto este apelativo?** Coido que ese termo é axeitado para describir os personaxes de *The Color Wheel* (2011), *Listen Up Philip* (2014) e *Queen of Earth* (2015). Non me amolan eses comentarios e ademais sèrveme de coartada para falar dos desafíos que me autoimpuxen con *Golden Exits*. Non movín un ápice do meu estilo para que a xente percibise que se trataba dun filme diferente. Fíxeno para ver se era quen de desenvolver un guión no que non se puidese describir un só momento ou caracterización de personaxe como áspero ou negativo. En *Golden Exits* ninguén é hostil e, para conseguilo, precisei que ninguén dixese o que realmente pasaba polas súas mentes.

Finalmente o filme trata de xente que oculta os seus verdadeiros sentimentos aos seres queridos o que me levou a abordar personaxes e situacións dunha maneira diferente á habitual.

**En 2016 escribiches un artigo sobre a distribución independente de The Neon Demon (Nicolas Winding Rfne, 2016) que tivo moita repercusión. Cal sería para ti a distribución ideal para un filme como Golden Exits? A miña única esperanza é que o filme chegue ao 100 por cen da xente que creo que lle pode gustar. Listen Up Philip nin se achegou ao obxectivo e Queen of Earth probablemente estivo máis próxima. Non estou certo de que Golden Exits sexa un filme que inspire confianza de abondo para un distribuidor convencional, nin sei como funcionará en plataformas de vídeo baixo demanda. Espero que, sexa cal sexa a distribuidora, faga todo o posíbel para que o filme consiga conectar co seu público potencial.**

**Nunha entrevista de 2014 discutiches arreo sobre os elementos do cinema de xénero en Queen of Earth. No caso de Golden Exits que elementos de xénero crees que se poden identificar?** Se nos temos de decantar por un só xénero poderíamos falar dun drama, ou se cadra melodrama, ou mellor, un drama suave [en inglés *mellow drama*]. Se *Listen Up Philip* se sitúa no campo da comedia e *Queen of Earth* é máis un thriller, aquí quería centrarme nas partículas elementais que fan avanzar un drama pero sen facelo estoupar. Creo que falar de drama a secas xa non ten sentido.

**Sei que es un ávido cinéfilo que adoitabas traballar no Kim's Video [tenda de cinema e música de Nova York]. De que maneira consegués acceder aos filmes non recentes: bibliotecas, streaming, DVD's de amigos, descargas...?** As salas neiorquinas ofrecen hoxe en día máis oportunidades para ver filmes de repertorio das que podo chegar a ver. Síntome moi afortunado. Con espazos como a Metrograph e a nova Alamo Drafthouse e espazos sagrados como o Anthology Film Archives, véxome obrigado a escoller con moito tino cada semana que noites me podo permitir ficar na casa e perder unha proxección en 35 mm.

Publicado en filmmakermagazine.com  
Tradución: Xan Gómez Viñas

### A AUTORA

Alex Ross Perry (Bryn Mawr, Pennsylvania, 1984) é un dos cineastas máis recoñecidos do cinema independente norteamericano da última década. Graduado 2006 na New York University, Ross Perry debuta en 2009 con *Impolex*, comedia do absurdo gravada en 16 mm. En 2011 dáse a coñecer internacionalmente con *The Color Wheel*, seleccionada en Locarno e designada pola crítica estadounidense como un dos títulos non distribuídos máis salientábeis do ano. En 2014, asina *Listen Up Philips*, seleccionada en Sundance e Locarno e dous anos máis tarde *Queen of Earth*, coa célebre Elisabeth Moss encabezando o elenco. A propia actriz protagoniza *Her Smell*, retrato dunha rockeira punk estreado na sección Platform de Toronto en 2018.

### OS OLLOS VERDES

O programa *Os ollos verdes. O cinema inédito de NUMAX* proxecta obras recentes que non foron estreadas comercialmente en España. Filmes que procuran novas formas e linguaxes para o cinema e cuxa calidade vén refrendada cos premios e seleccións en festivais de relevancia internacional.

O **estudantado da USC** inscrito no ciclo pode acadar **1 crédito ECTS** coa súa asistencia a un mínimo de 12 sesións d'Os ollos verdes e a realización dun traballo final, grazas á colaboración da Universidade de Santiago de Compostela. Máis información en [comunicacion@numax.org](mailto:comunicacion@numax.org)

## OS OLLOS VERDES

Luns 22 de abril

**Leave No Trace (Non deixes rastro)**

(Debra Granik, 2018) **AMERICANA X NUMAX**

Luns 12 de maio

**Segunda vez**

(Dora García, 2018)

Luns 27 de maio

**Golden Exits**

(Alex Ross Perry, 2017) **AMERICANA X NUMAX**

## NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)